

## A Baixa Idade Media en Europa

### 9.1 A crise do século XIV

Todos os países europeos sufriron durante o século XIV unha profunda crise, xa que se viron moi afectados por tres grandes calamidades: as guerras, a peste e a fame.

- As **guerras**. En Europa, a máis prolongada e devastadora foi a chamada guerra dos Cen Anos (1337-1453), na que se enfrontaron Francia e Inglaterra. Nos demais países europeos, e nos reinos cristiáns peninsulares, os señores feudais loitaron entre si e contra o rei, en guerras que destruíron o territorio.
- A **peste**. As epidemias de peste foron frecuentes na época. A máis importante foi a chamada **peste negra**, ocorrida entre 1348 e 1353 e que afectou especialmente as cidades. Xurdiu en Asia, desde onde se difundiu por Europa a través do comercio.
- A **fame**. Tivo a súa orixe en varios anos seguidos de elevadas precipitacións, que inundaron os campos, podreceron as sementes e arruinaron as colleitas.

### 9.2 As consecuencias da crise

- A **poboación** europea descendeu significativamente de 80 a 45 millóns de persoas entre 1300 e 1400. E na península ibérica, Castela, Cataluña e Mallorca perderon entre o 25 % e o 50 % dos seus habitantes.
- A **economía** decreceu. A produción agraria reduciuse, baixou a demanda de produtos artesanais e o comercio entrou en crise.
- A **sociedade** asistiu a un incremento dos conflitos no campo e na cidade.
- A **arte** paralizou as construcións e o pesimismo da época, causado pola crise, expresouse en temas macabros, como danzas da morte.

### 9.3 A recuperación do século XV

No século XV iniciouse a saída da crise. Os reis impuxéronse sobre os señores feudais; a poboación comezou a crecer; a agricultura e a artesanía recuperáronse; o comercio reactivouse e comezou a busca de novas rutas comerciais que conduciron a grandes descubrimentos xeográficos; restableceuse a paz social; e iniciouse un cambio de mentalidade cara a un maior humanismo.

### A guerra dos Cen Anos (1337-1453)



A guerra estalou por un problema dinástico en Francia, xa que Carlos IV morreu sen descendentes e había tres candidatos ao trono, entre eles, o rei de Inglaterra. Na contenda, os dous países disputaron o control dos extensos territorios que a monarquía inglesa tiña en Francia.

### AVANZA EN COMPETENCIAS

#### Valorar a evolución histórica

- 1 Explica que relación tivo a crise do século XIV cos seguintes feitos:
  - a) Malas colleitas.
  - b) Descenso da poboación.
  - c) Peste negra.
  - d) Conflitos sociais.
  - e) Crise do comercio.
  - f) Guerras.
  - g) Ruína dos artesáns.
  - h) Danzas da morte.
- 2 Infórmate sobre Xoana de Arco e redacta un pequeno informe sobre a súa participación na guerra dos Cen Anos.

#### Establecer relacións

- 3 Relaciona os seguintes feitos con causas ou consecuencias da crise: peste, descenso da poboación, crise da artesanía, malas colleitas, descenso do comercio, guerras, revoltas sociais.